



Resolución do procedemento de inscrición do monte Anceu no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas

Antecedentes

1. O 11 de febreiro de 2021 o xefe do Servizo de Montes de Pontevedra acordou o inicio do procedemento de inscrición do monte Anceu no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas, de acordo co artigo 10 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas.
2. O 23 de marzo de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas do monte Anceu.
3. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións
4. Instruído o procedemento, o tres de marzo de 2021 comunicouse ás persoas interesadas a apertura dun trámite de audiencia, en cumprimento do artigo 11.6 do Decreto 167/2019, e do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
5. Durante o trámite de audiencia non se presentaron alegacións.
6. O 04/06/2021 o xefe do Servizo de Montes de Pontevedra formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte Anceu no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas





relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. Que se inscriba o monte Anceu no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Nome do monte: Anceu

Titular: MVMC de Anceu

Superficie a inscribir: 116,99 has

- Couto 1: 5,21 has, con Quercus robur; Castanea sativa; Betula sp; Acer pseudoplatanus; Alnus glutinosa; Fraxinus sp
- Couto 2: 28,16 has, con Quercus robur; Salix sp.; Alnus glutinosa; Fraxinus sp
- Couto 3: 83,62 has, con Quercus robur; Salix sp.; Alnus glutinosa; Fraxinus sp

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

